



Asunto: BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE RENOVACIÓN E NOVAS MATRÍCULAS DAS ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS PARA O CURSO 2022-2023

ANTECEDENTES DE FEITO

I. O Concello da Coruña, conforme ao disposto no art 25.2.l) da Lei reguladora das bases de réxime local vixente (LRBRL) así como o art. 8 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, ten entre outras competencias a da promoción e fomento da práctica do deporte, contribuíndo á mellora da condición física en xeral, e á integración social a través do deporte.

En particular correspóndelle ao Concello, para os efectos que aquí interesan, como prestación de servizo obrigatorio (art. 26.1.c da LRBRL): a xestión das instalacións deportivas municipais (art.8.2 LDG). E en liña co anterior, tamén lle corresponde, adoptar medidas que acheguen as actividades físico deportivas a toda a veciñanza, especialmente cando se encauza a través de actividades dirixidas.

Neste sentido, a Concellaría de Deportes organiza cada ano Escolas Deportivas Municipais (EDM).

O obxecto desta convocatoria é a renovación e novas matrículas das Escolas Deportivas Municipais (en diante EDM) do Servizo Municipal de Deportes (en diante SMD), redactadas segundo a normativa de uso das instalacións deportivas, EDM e outras actividades (aprobada pola Xunta de Goberno Local o 20 de xullo de 2007) e a ordenanza fiscal nº 15-2022 reguladora da taxa pola prestación de servizos nas instalacións Deportivas Municipais.

II. En liña co anterior, é o abeiro do previsto no art. 20.4.o) do vixente TRLRHL, a participación en ditas actividades municipais atopase gravado ca imposición da taxa regulada na Ordenanza Fiscal nº 15.

III. Que se pretende impulsar a aprobación dunha convocatoria pública que permita establecer as condicións xerais nas que se vai prestar o devandito servizo municipal deportivo e regular especialmente o libre acceso a tales actividades baixo os principios de igualdade e libre concorrència.

FUNDAMENTOS DE DEREITO.

Que sobre a base do disposto no art. 124.4.b) da vixente LRBRL resulta competente a alcaldesa, pero dita función foi delegada a favor da concelleira delegada de Deportes en virtude do decreto 3846/2019, publicado no BOP núm. 124 do 3 de xullo de 2019.

Por todo o exposto fórmulase a seguinte:



PROPOSTA DE DECRETO

Único. BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE RENOVACIÓN E NOVAS MATRÍCULAS DAS ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS PARA O CURSO 2022-2023

A Coruña, a data da sinatura deste documento.

O xefe do servizo de Deportes.

Fernando Pérez San Vicente.



BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE RENOVACIÓN E NOVAS MATRÍCULAS DAS ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS PARA O CURSO 2022-2023

Bases da convocatoria de renovación e novas matrículas das Escolas Deportivas Municipais (en diante EDM) do Servizo Municipal de Deportes (en diante SMD), redactadas segundo a normativa de uso das instalacións deportivas, EDM e outras actividades (aprobada pola Xunta de Goberno Local o 20 de xullo de 2007) e a ordenanza fiscal nº 15-2022 reguladora da taxa pola prestación de servizos nas instalacións Deportivas Municipais.

1. OBXECTO

1.1 Constitúe o obxecto destas bases a **renovación de matrículas nas EDM para o curso 2022-23** do alumnado asistente durante o curso anterior así como as renovacións que se produzan nos casos de cambio de grupo por idade, as situacións de AGÁS, por non dispoñer de praza en primeira instancia ou ter varias opcións de horario a elixir, e os cambios de horario motivados por conciliación laboral ou persoal e as situacións de AGÁS, por non dispoñer de praza en primeira instancia.

1.2 Ademais, estas bases regularán o proceso da **convocatoria pública** pola que se ofertan á cidadanía as **prazas libres e as novas prazas** que poidan xurdir nas actividades das EDM **para o curso 2022-23** nas instalacións deportivas xestionadas directamente polo Concello da Coruña así como na Piscina do Complexo Deportivo de San Diego e na Piscina Cuberta do Club do Mar de San Amaro. O anexo coa relación definitiva de actividades e prazas para novas matrículas publicarase o 2 de setembro de 2022.

Todas as datas que se indicarán nas seguintes bases teñen carácter informativo pero non son vinculantes, de xeito que, se acontecese algún imprevisto en algunha das fases do procedemento, o Servizo Municipal de Deportes pode cambialas motivadamente sen necesidade de modificar as presentes bases; sempre cando se respecten os prazos previstos para cada trámite e previa publicación na páxina web www.coruna.gal/deportes.

Todas as publicacións relativas a este proceso faranse polas seguintes canles:

- Na páxina Web municipal www.coruna.gal/deportes.
- Nos taboleiros de anuncios das instalacións deportivas municipais.

Así mesmo, poderase obter información no teléfono de información á cidadanía 010.

2. PERSOAS DESTINATARIAS



2.1 A **renovación** da matrícula vai dirixida a todo o alumnado matriculado nas EDM no curso 2021-22 que desexe renovar a súa matrícula para o curso 2022-2023, tanto no caso das actividades xestionadas directamente polo SMD do Concello da Coruña así como polas concesionarias do Complexo Deportivo de San Diego e da Piscina do Club do Mar de San Amaro.

2.2 As **novas matrículas** nas prazas libres ou novas prazas van dirixidas ás persoas que non teñan xa concedidas dúas actividades nas EDM (exceptuando as actividades de recuperación funcional de forma temporal e a natación prenatal), incluíndo as que se desenvolven en calquera das instalacións deportivas municipais, San Diego ou San Amaro. No caso de que, no momento de realizar a matrícula, se detecte que a persoa xa ten concedidas dúas actividades para o curso 2022-23, perderá o dereito á praza que puidera obter nesta convocatoria.

As prazas nas EDM están dirixidas preferentemente ás persoas empadroadas no Concello de A Coruña, porén, permítese que soliciten praza persoas non empadroadas, pero só obterán praza no caso de quedaren libres aínda que por sorteo obtiveran un número máis favorable.

O SMD poderá realizar de oficio a comprobación no padrón municipal do requisito de empadroamento das persoas solicitantes.

Para ambos procedementos (renovación e novas matrículas) considerarase a **idade referida á data 31 de decembro de 2022**.

3. NORMAS RELATIVAS Á RENOVACIÓN

3.1 DEREITO Á RENOVACIÓN E PUBLICACIÓN DA LISTAXE

Como consecuencia das limitacións e circunstancias derivadas da pandemia pola COVID-19, nesta ocasión non se terán en conta as faltas de asistencia durante o curso e, en consecuencia, terán dereito a renovar nas EDM todas as persoas que figuran inscritas como alumnado no curso 2021-2022, sempre que a actividade teña continuidade no curso 2022-2023 e cando a persoa cumpra co requisito de idade e condición física necesarias para realizar a mesma.



A renovación realizárase no grupo e horario no que se estea inscrito/a no curso 2021-22, coa excepción dos grupos de Marcha Nórdica da C.D. Riazor de luns e mércores que se converterán nun único grupo cunha frecuencia de dous días á semana. O SMD poderá cambiar a denominación dos grupos co fin de ordenar a oferta das EDM. Neste caso, cada persoa quedará adscrita a un grupo equivalente ao que estaba matriculada.

No caso de que se deba realizar un cambio de grupo por idade ou nos casos de AGÁS, a coordinación das EDM asignaralle praza a esas persoas noutro grupo sempre e cando iso sexa posible polo número de prazas dispoñibles.

Para as actividades directamente xestionadas polo Concello, o SMD publicará a listaxe do alumnado das EDM con dereito a renovar na páxina Web www.coruna.gal/deportes e nos taboleiros de anuncios das instalacións deportivas municipais onde se pode facer a renovación.

A listaxe publicarase o 27 de abril de 2022 e contra dita listaxe poderanse efectuar as **alegacións que se estimen oportunas ata o 29 de abril de 2022**. As alegacións deberanse realizar nos rexistros situados nas instalacións deportivas de C.D. Torre, C.D. Riazor ou Polideportivo do Barrio das Flores.

3.2 CAMBIOS DE GRUPO POR IDADE E AGÁS

a) Cambios de grupo por idade:

Sempre que se reúnan todos os requisitos establecidos, permitirase a continuación na mesma modalidade deportiva de EDM ao alumnado que por idade deba cambiar de grupo, a condición de que sexa posible polo número de prazas existentes.

En razón a iso, exceptúanse os grupos clasificados como AGÁS:

- Alumnado de Natación de 9 a 11 anos, con cambio a Natación de 12 a 17 anos na Piscina Municipal de Riazor.
- Alumnado de Tenis de 9 a 11 anos, con cambio a Tenis de 12 a 17 anos na Cidade Deportiva de Riazor.
- Alumnado de Tenis de 9 a 11 anos, con cambio a Tenis de 12 a 17 anos no Polideportivo de Novo Mesoiro.
- Alumnado de Natación de 6 a 8 anos, con cambio a Natación de 9 a 11 anos na Piscina Municipal de Riazor.



b) **AGÁS:** o alumnado dos grupos relacionados como AGÁS poderán **solicitar praza nas EDM**, indicando a súa preferencia de horario, do **2 ao 20 de maio de 2022**. A **solicitud realizárase a través dun formulario en liña** cuxo enlace será enviado por correo electrónico ao alumnado afectado. Para estes efectos, será necesario que aquelas persoas que non teñan actualizado este dato no SMD, se poñan en contacto coa coordinación das EDM a través do teléfono 981 18 42 00 Extensión 25037 ou 25038, en horario de 08:00-15:00 h. de luns a venres.

Estes cambios autorizaranse nos supostos en que sexa posible por razóns de ratios, niveis, dispoñibilidade de prazas, etc. (art. 21.8 normativa de uso das instalacións deportivas, EDM e outras actividades).

No caso de que non se poidan ubicar todos/as os/as alumnos/as que están en situación de AGAS, realizarase un sorteo e publicarase o resultado. As persoas que non obteñan praza poderán acudir á convocatoria libre no mes de setembro.

O procedemento do **sorteo** (sempre e cando sexa necesario) será o seguinte:

- Ordenarase por orde alfabética de apelidos. No caso de apelidos compostos ou con preposicións, só se terá en conta a primeira letra do apelido composto e non se terá en conta nunca a letra pola que empeza a preposición.
- Sacarase dúas letras ao azar, sendo a primeira letra extraída a que corresponda coa inicial do primeiro apelido e a segunda a que corresponda coa inicial do segundo apelido.
- Cubriranse as prazas libres seguindo a orde alfabética que corresponde en función das letras extraídas.

A data do sorteo, de ser preciso, publicarase na páxina web. As renovacións nestes casos farase, unha vez publicada a listaxe ou acordado co alumnado o grupo no que se vai incluír, nas datas indicadas no apartado 3.4.

3.3 CAMBIOS DE HORARIO

As **solicitudes** de cambio de horario (na mesma modalidade deportiva) presentaranse do **23 ao 30 de maio de 2022 nos rexistros do SMD**.

No caso de que para un mesmo horario se rexistren máis solicitudes que prazas dispoñibles, realizarase un **sorteo o 9 de xuño de 2022** cun procedemento análogo ao descrito para os grupos de AGÁS.



A formalización dos cambios que sexan estimados realizaranse do **13 ao 17 de xuño de 2022** nos devanditos rexistros. Será necesario aportar o recibo de pago da renovación do curso 2022-2023 para o cambio.

Non se permiten cambios de modalidade deportiva, nin entre as instalacións de San Diego ou San Amaro entre si ou co resto de instalacións.

3.4 DATAS, LUGARES E HORARIO PARA A RENOVACIÓN E CAMBIOS

a) DATAS

- **Renovacións xerais: do 2 ao 20 de maio de 2022**

- **Renovacións con cambio de grupo por idade: do 30 de maio ao 6 de xuño de 2022**
 - **Grupos clasificados como AGÁS** (por non dispoñer de praza en primeira instancia):
 - Solicitudes en liña: do 2 ao 20 de maio de 2022
 - Sorteo: 25 de maio de 2022
 - Publicación de listaxes: 27 de maio de 2022
 - Renovación: do 30 de maio ao 6 de xuño de 2022

- **Cambios de horario:**
 - Solicitudes por rexistro: do 23 ao 30 de maio de 2022
 - Sorteo: 9 de xuño de 2022
 - Publicación de listaxes: 10 de xuño de 2022
 - Formalización do cambio: do 3 ao 17 de xuño de 2022

b) LUGAR E HORARIO

Nos rexistros dependentes da Concellaría de Deportes situados na Cidade Deportiva de Riazor, na Cidade deportiva da Torre Arsenio Iglesias ou no Polideportivo do Barrio das Flores, en horario de atención ao público de luns a venres de 08:15 a 14:00 horas, concertando [cita previa](#), sendo necesario concertar unha cita por cada renovación que se vaia tramitar.



As **renovacións** das actividades das EDM que se desenvolven en **San Diego e San Amaro** realizaranse, nas mesmas datas, **nos devanditos centros deportivos** dentro do seu horario de atención ao público.

3.5 TAXAS E DOCUMENTACIÓN PARA A RENOVACIÓN

As taxas están reguladas na Ordenanza Fiscal núm. 15 do Concello da Coruña en vigor no ano 2022.

A ordenanza contempla tarifas reducidas por rendemento económico ou IPREM, para o cal deberán aportar a documentación preceptiva con carácter previo á renovación.

O pago poderá efectuarse en efectivo ou con tarxeta.

A **documentación** necesaria para formalizar a **renovación** está indicada no apartado 7.g) das normas xerais destas bases.

3.6 RENUNCIA Á PRAZA

As persoas que, rematado o prazo de renovación que corresponda en función da actividade, non fixeran o pagamento da taxa correspondente entenderase que renuncian á praza na que podían renovar. A dita praza pasará á convocatoria libre e ofertarase no mes de setembro de 2022.

En todo caso, unha persoa que renunciou ou que non renovou unha praza por calquera circunstancia sempre vai poder optar á convocatoria libre por esa ou por outra praza que saia ofertada.

4. NORMAS RELATIVAS ÁS NOVAS MATRÍCULAS

4.3 PRAZOS

Prazos do procedemento:

Publicación de prazas dispoñibles	2 de setembro de 2022
Presentación de solicitudes	Do 5 de setembro desde as 08:00 h. ao 11 de setembro de 2022 ás 23:59 h.
Listaxe provisional de solicitantes	13 de setembro de 2022 (A partir das 14:00 h)
Corrección de erros	Do 14 de setembro ás 08:00 h. ata o 16 de setembro de 2022 ás 23:59 h.
Listaxe definitiva de solicitantes	19 de setembro de 2022 (A partir das 14:00 h.)
Sorteo	20 de setembro de 2022, ás 9:00 h.
Listaxe de persoas admitidas e en	23 de setembro (A partir das 14:00 h.)



agarda	
Matrículas	Do 26 ao 30 de setembro de 2022
Publicación 1º movemento da lista de agarda	4 de outubro de 2022 (A partir das 14:00 h.)
Matrícula da lista de agarda 1º movemento	Do 5 ao 14 de outubro de 2022
Publicación 2º movemento da lista de agarda	14 de outubro de 2022 (A partir das 14:00 h.)
Matrícula da lista de agarda 2º movemento	Do 17 ao 21 de outubro de 2022
Publicación prazas a libre disposición	A partir do venres 21 de outubro de 2022, todos os venres ata o último venres de xaneiro de 2023. As matrículas poderán facerse a partir do luns seguinte a cada publicación e ata o seguinte venres.

4.4 LIMITACIÓN NO NÚMERO DE ACTIVIDADES POR PERSOA

Inicialmente, soamente se poderá obter unha praza neste proceso da convocatoria. No formulario de prescrición poderanse elixir ata dúas opcións (por orde de preferencia) co fin de poder obter unha delas.

Posteriormente, no caso de que queden prazas libres e logo de activada a listaxe de agarda, as persoas que o desexen poderán obter unha praza vacante (a partir do 21 de outubro) aboando a taxa correspondente e sen necesidade de participar en ningún procedemento, coa limitación xeral de dúas prazas como máximo no mesmo curso por persoa.

4.5 PREINSCRICIÓN

Poderanse realizar as solicitudes de prescrición do **5 ao 11 de setembro de 2022**. O prazo rematará o día 11 de setembro ás 23:59 horas.

As solicitudes faranse polos seguintes medios:

1. Preferentemente, a través da web www.coruna.gal/deportes, nun formulario publicado ao efecto.
2. Por teléfono, a través do número 981 18 98 00, ext. 25037 e 25038, onde se lle axudará cubrindo o formulario enliña. Esta extensión telefónica estará dispoñible de 08:00 a 15:00 horas, de luns a venres.

Cada persoa poderá presentar unha única solicitude de preinscrición. Dentro da solicitude poderá elixir ata un máximo de dúas opcións, por orde de preferencia.

Consignaranse na mesma solicitude as actividades que sexan xestionadas directamente polo Concello da Coruña ou indirectamente polas concesionarias de San Diego ou San Amaro.



No caso das solicitudes para menores de idade, consignaranse tamén os datos do pai/nai/titor ou titora. En todo o procedemento, o NIF que se publicará será o do pai, nai ou titor/a, que será o que se asocie coa solicitude da persoa menor de idade.

No caso de que se vaian solicitar prazas para varios fillos ou fillas, deberá:

1. Realizar unha preinscrición por cada fillo ou filla, cubrindo un formulario por cada menor na páxina web e de forma continuada no tempo.
2. Realizar todas as preinscricións relativas aos menores dunha mesma familia (irmáns e irmás) cun mesmo NIF correspondente ao pai, nai ou titor/a.

Logo de recibir todas as solicitudes, asignaráselle un número a cada unha delas por orde cronolóxica de entrada. Unha vez asignado o número a cada solicitude, no resto do procedemento atenderase sempre a ese número.

Para que as persoas solicitantes identifiquen a súa solicitude, na primeira publicación do procedemento amosarase o NIF da persoa solicitante co número de solicitude que lle corresponde.

No caso de rexistrar para a mesma persoa máis dunha solicitude, só se terá en conta a última, anulando con esta todas as feitas con anterioridade, coa excepción de unha persoa que presente solicitudes no seu nome e no dos menores ao seu cargo. Neste caso, na primeira publicación, co fin de coñecer a solicitudes de cada un deles, engadirase xunto co NIF as iniciais do nome e apelidos das persoas en nome das cales se solicitou a praza. A cada solicitude daráselle un número distinto.

PERSOAS EN SITUACIÓN DE DISCAPACIDADE

As persoas en situación de discapacidade poderán solicitar praza nunha EDM, tendo en conta o seguinte:

- No formulario de inscrición indicarse tipo e grao de discapacidade e se a persoa é dependente ou non. As persoas dependentes que para a súa normalización precisen calquera adaptación ou seguimento, deberán indicalo na solicitude.
- En todo caso optarán á praza nas mesmas condicións que o resto de solicitantes.
- A persoa deberá aportar un informe médico no que se indique que a súa situación de discapacidade non lle impide a práctica deportiva, ou ben, calquera outro dato relevante que poida incidir na dita práctica.

4.6 PUBLICACIÓN DA LISTAXE PROVISIONAL DE SOLICITANTES

Unha vez presentadas todas as solicitudes de preinscrición, confeccionarase unha listaxe por orde cronolóxica de chegada ascendente de hora, minuto e segundo e asignaráselle a cada unha delas un número de solicitude en función desa orde. Este número será o que se tome de referencia en todo o procedemento.



No suposto de que existan dúas ou máis solicitudes presentadas no mesmo momento asignaráselles o número tendo en conta a orde alfabética (tamén ascendente) dos apelidos.

A listaxe publicarase para coñecemento xeral o día **13 de setembro de 2022** a partir das 14:00 h. Para a consulta telefónica da listaxe habílanse os seguintes teléfonos:

- 981 18 98 00 (C.D. Riazor)
- 981 18 98 06 (Polideportivo do Barrio das Flores)
- 981 18 98 04 (C.D. Torre)
- Teléfono de información gratuíta 010

4.7 PRESENTACIÓN DE ALEGACIÓNS SOBRE A LISTAXE DE SOLICITANTES

No caso de que se observe algún erro na listaxe de solicitantes, abrírase un prazo para alegacións e corrección de erros, preferentemente a través do correo electrónico gestiondeportes@coruna.gal. No caso de non dispoñer dos medios necesarios, poderá realizarse no teléfono 981 18 98 00, extensión 25037 ou 25038, de luns a venres en horario de 08:00 a 15:00 h.

No correo electrónico figurará no asunto o nome completo da persoa para a que se solicitou a praza e un teléfono de contacto.

Durante o prazo de corrección, **non se aceptarán novas solicitudes nin se poderán facer cambios** nos cursos ou actividades solicitadas nin se atenderá a outros datos mais que os consignados no formulario de solicitude.

Realizaranse alegacións durante os días **14 ao 16 de setembro de 2022**. O prazo **rematará o día 16 de setembro ás 23:59 horas**.

A listaxe definitiva de persoas solicitantes, despois das alegacións, publicarase o **19 de setembro de 2022**.

4.8 SORTEO PÚBLICO E PUBLICACIÓN DE LISTAXE DE ADXUDICACIÓN

a) SORTEO

Nos supostos en que existan máis solicitudes que prazas vacantes, celebrarase un sorteo público para establecer a orde de adxudicación na páxina web echaloasuerte.com ou a través do procedemento de insaculación, retirando un número para as unidades, outro para as decenas, outro para as centenas e outro para as unidades de millar.

Orde de preferencia para a adxudicación de prazas: nos supostos en que o número de prazas solicitadas sexa maior das ofertadas, para a orde de preferencia terase en conta:

- a) As persoas empadroadas no Concello da Coruña.



b) A orde de preferencia nas actividades indicadas na solicitude (Opción 1 ou Opción 2).

c) O sorteo de prazas segundo o número de solicitude asignado e conforme ao agraciado no sorteo público.

Se unha persoa por sorteo entra nas dúas opcións, logo deste proceso, so poderá matricularse nunha delas neste período da convocatoria.

O sorteo realizarase o día **20 de setembro de 2022 ás 9:00 horas** e publicarse na páxina web da Concellaría de Deportes así como nas redes sociais da mesma concellaría.

b) PUBLICACIÓN DA LISTAXE DAS PERSOAS QUE OBTIVERON PRAZA

Publicarase a **listaxe das persoas que obtiveron praza** o día **23 de setembro de 2022** a partir das 14:00 horas.

4.9 PAGO DA TAXA E FORMALIZACIÓN DA MATRÍCULA DAS PERSOAS QUE OBTENAN PRAZA NO SORTEO

Para que a matrícula sexa efectiva o alumnado deberá cubrir o formulario de matrícula e pagar a taxa correspondente de acordo co previsto na Ordenanzas Fiscal número 15 do Concello da Coruña.

A Ordenanza contempla tarifas reducidas por rendemento económico ou IPREM (para o cal deberán aportar a documentación preceptiva con carácter previo á data de matriculación) e para maiores de 65 anos.

No caso das EDM xestionadas directamente polo Concello da Coruña, a formalización e pago da taxa (en efectivo ou con tarxeta de crédito ou débito) poderase realizar a partir do día **26 de setembro e ata o 30 de setembro de 2022**, acudindo a calquera das caixas de Deportes (CD Riazor, CD Torre ou polideportivo do Barrio das Flores), con cita previa e en horario de 08:15 a 14:00 h. (sendo necesario concertar unha cita por cada matrícula que se queira tramitar).

No caso das EDM dos Complexos deportivos de San Diego e de San Amaro o pago farase, nas mesmas datas, directamente en ditos centros e no horario de apertura que teñan establecido, en efectivo ou con tarxeta de crédito ou débito.

En todo caso, débese aboar a taxa antes de acudir á actividade.

As persoas que nese prazo non formalizaran a matrícula e pagaran a taxa correspondente, entenderase que renuncian á praza e poderase activar a listaxe de agarda.



A **documentación necesaria** para a formalización da matrícula se indica no apartado 7g) das normas xerais.

4.10 LISTAXE DE AGARDA

As persoas solicitantes que se atopen en listaxe de agarda poderán obter unha praza cando non se matricule algunha das persoas que a obtiveron en primeira instancia. Realizaranse **dous movementos da listaxe de agarda** que se publicarán na web www.coruna.gal/deportes e nos [taboleiros de anuncios das instalacións deportivas](#):

- **1º movemento da listaxe de agarda:**
 - Publicación das persoas da lista de agarda que obtiveron praza despois do primeiro movemento da lista: **4 de outubro de 2022**, a partir das 14:00 h.
 - Formalización da matrícula das persoas que se atopen nesta situación realizarase: do **5 ao 14 de outubro de 2022**, presentando a documentación sinalada no apartado 7g) destas bases.
- **2º movemento da listaxe de agarda:**
 - Publicación das persoas da lista de agarda que obtiveron praza despois do segundo movemento da lista: **14 de outubro de 2022**, a partir das 14:00 h.
 - Formalización da matrícula das persoas que se atopen nesta situación realizarase: do **17 ao 21 de outubro de 2022**, presentando a documentación sinalada no apartado 7g) destas bases.

Con independencia do día do mes en que a persoa pague a taxa correspondente, o cálculo do importe da taxa farase computando o mes completo, non sendo divisible o importe da taxa en función do número de días que falten para rematar o mes.

4.11 PRAZAS VACANTES

A Concellaría de Deportes publicará na páxina web municipal a listaxe de prazas que puideran quedar libres logo de resolver esta convocatoria.

A primeira publicación farase o día 21 de outubro de 2022 e ata o último venres de xaneiro de 2023, todos os venres a partir das 14:00 h. publicaranse na páxina web www.coruna.gal/deportes, nos taboleiros de anuncios das instalacións deportivas e no teléfono de atención cidadá 010 as prazas que aínda quedasen vacantes. As matriculas permanecerán abertas ata as 14:00 h. do venres seguinte á última publicación. Así mesmo, na devandita páxina web indicárase o xeito de proceder con estas matriculas.

Exceptúanse do punto anterior as EDM para menores de 18 anos, nas que por motivos didácticos e pedagóxicos só permanecerán abertas ás matriculas ata o 30 de decembro, salvo que polo baixo índice de matriculación e sempre apoiado por informes favorables do SMD, se decide excepcionalmente permitir a matriculación nun período posterior.



Poderán acceder a estas prazas as persoas que o desexen, con preferencia para as persoas empadroadas na cidade da Coruña, sexan ou non alumnos/as das EDM.

Establécese o límite de dúas prazas por persoa nas EDM, de tal forma que se xa se alcanzou este límite non se poderá solicitar unha praza vacante. A limitación de dúas prazas está establecida en conxunto, entre as escolas xestionadas directamente polo Concello da Coruña, por San Diego e San Amaro.

5. NORMAS DE ASISTENCIA DURANTE O CURSO ESCOLAR 2022-2023

Establécese unha porcentaxe de asistencia obrigatoria nas EDM do 60% das sesións lectivas do curso.

O alumnado só poderá, polo tanto, ter unha porcentaxe de falta inferior ao 40% das sesións anuais do curso. Esta situación deberá ser excepcional, debendo o alumnado como norma xeral asistir ás clases.

Non se requirirá que o alumnado presente un xustificante pola súa falta de asistencia. Non existindo distinción entre falta xustificada e non xustificada.

No caso de que se chegue ao 40% de faltas de asistencia o/a alumno/a debe causar baixa nas EDM sen dereito a percibir a devolución da correspondente taxa.

6. CAMBIOS DE HORARIO AO LONGO DO CURSO ESCOLAR

Aquelas persoas que por circunstancias de conciliación laboral, persoal ou de calquera outra índole desexen cambiar o horario, na mesma modalidade deportiva, poderán acceder ás prazas vacantes que se publicarán cada venres, desde o 21 de outubro ao último venres de xaneiro de 2023 e que estarán a libre disposición. No seu caso, deberán tramitar conxuntamente a baixa no grupo do que desexan marchar e a alta no novo horario, sen necesidade de aboar novamente a taxa, agás a diferenza no importe no caso de pasar dunha frecuencia menor a unha frecuencia semanal maior (por exemplo, de dous días á semana a tres días a semana).

Rematado este prazo, non se admitirán máis cambios e deberán agardar á seguinte renovación co seu conseguente novo prazo de cambios.

Non se permiten cambios de modalidade deportiva, nin entre as instalacións de San Diego ou San Amaro entre si ou co resto de instalacións.



7. OUTRAS NORMAS XERAIS

- a) **Idade:** a efectos de renovacións e novas matrículas considerárase a idade referida a data 31 de decembro de 2022.
- b) **Calendario lectivo:** todas as EDM adaptaranse ao calendario oficial escolar publicado pola Xunta de Galicia; en todo caso, o curso comezará o primeiro día hábil do mes de outubro de 2022 e rematará o último día hábil de xuño de 2023.

- c) Para matricularse nos grupos das EDM de Natación de 9-11, 12-17, +18 e + 60 intenso é requisito saber nadar 25 m. sen tocar fondo nin suxeitarse a medios auxiliares fixos ou móbiles. Para o grupo de natación +18 intenso é preciso saber nadar 100 metros empregando dous estilos.

Para o resto dos grupos non é preciso saber nadar.

- d) A **admisión na actividade de Recuperación Funcional** deberá ser informada favorablemente, previa valoración funcional polo Servizo de Fisioterapia designado polo SMD. O procedemento será o seguinte:
- Presentarase unha solicitude en calquera dos rexistros de Deportes (sitos na C.D. de Riazor, C.D. da Torre ou no Polideportivo do Barrio das Flores).
 - A persoa deberá presentarse, para ser valorada, no lugar, día e hora que se lle indique desde o SMD e deberá aportar o diagnóstico clínico e outros datos e/ou informes que considere de interese.

- e) A actividade de **Natación prenatal** ten **carácter mensual** e desenvólvese na Piscina Municipal de Riazor durante todo o ano (a excepción do período de peche anual da instalación).

Para inscribirse é necesario aboar a taxa en calquera dos rexistros de Deportes, concertando cita previa. A inscrición mensual actívase a semana anterior ao mes en que se queira realizar a actividade.

- f) Como norma xeral, establécese a **limitación de ocupar como máximo dúas prazas das EDM no mesmo curso**, exceptuando as actividades de recuperación funcional e natación prenatal, de forma temporal. Esta limitación establécese considerando conxuntamente as instalacións deportivas municipais de xestión directa así como os complexos deportivos de San Diego e San Amaro.

- g) **Documentación para a matrícula/cambios de hora:**



- I. Renovacións: folla de renovación con todos os campos correctamente cumprimentados.
- II. Nova matrícula: folla de nova matrícula con todos os campos correctamente cumprimentados.

En ambos casos, **acompañarase de**:

- Folla de autorización de recollida, no caso de menores de idade, acompañada das fotocopias dos DNI das persoas autorizadas.
 - Menores de 14 anos: fotocopia do DNI (de non telo, do Libro de Familia) e do DNI do pai/nai ou titor/a.
 - Menores de idade a partir de 14 anos: fotocopia do DNI do/a alumno/a e do DNI do pai/nai ou titor/a
 - Alumnado suxeito a tutela, con independencia da idade: fotocopia do DNI, se o tivese, e ademais, do documento legal que a acredite e do DNI do titor/a.
- III. Cambios de hora: folla de cambio de hora con indicación do grupo de orixe e o grupo de destino.

De acordo co disposto no artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, non se requirirán aos interesados datos ou documentos que fosen achegados anteriormente polo interesado a calquera Administración. A estes efectos, o interesado deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os citados documentos, debendo as Administracións Públicas solicitalos electronicamente a través das súas redes corporativas ou dunha consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para o efecto. Presumirase que esta consulta é autorizada polos interesados, salvo que conste no procedemento a súa oposición expresa ou a lei especial aplicable requira consentimento expreso, debendo, en ambos os casos, ser informados previamente dos seus dereitos en materia de protección de datos de carácter persoal. Excepcionalmente, se as Administracións Públicas non puidesen solicitar os citados documentos, poderán solicitar novamente ao interesado a súa achega.

- h) Coa formalización da matrícula, a persoa solicitante e, no seu caso, quen ostente a súa garda e custodia legal, declarará baixo a súa responsabilidade que son certos os datos facilitados. No caso de que o SMD detecte falsidade nos devanditos datos, a persoa causará baixa sen dereito á devolución das taxas aboadas.

Asimesmo, o alumnado comprométese a cumprir coa normativas das actividades e das instalacións deportivas aprobadas polo Concello da Coruña.



- i) Coa presentación da solicitude e, no seu caso, a formalización da matrícula, entenderase que a persoa solicitante e, no seu caso, o seu pai/nai ou titor/a autoriza a utilización do móbil e correo electrónico como forma de aviso e comunicación por parte da empresa que xestiona as EDM.
- j) **Baixas nas actividades e devolución de taxas:** no caso de querer causar baixa nunha actividade, deberase solicitar expresamente a baixa mediante a presentación da solicitude no Rexistro Xeral. De acordo coas normas de xestión que figuran na Ordenanza fiscal número 15, reguladora da taxa pola prestación de servizos nas instalacións deportivas municipais, ÚNICAMENTE se procedera á devolución da taxa no caso de que non comezara a actividade na que a persoa aparece inscrita.
- k) O SMD, por motivos técnicos, pedagóxicos, organizativos ou outras circunstancias concorrentes, resérvase a facultade de reaxustar os grupos e, se fose necesario, deixalos sen efecto.
- l) Farase un control do uso responsable das EDM, segundo as normas de uso das instalacións deportivas municipais, EDM e outras actividades aprobadas pola Xunta do Goberno Local do 20 de xullo de 2007.
- m) O Concello , a través da empresa concesionaria, dispón dun servizo gratuíto de asistencia médica e hospitalaria, ata un máximo de 180 días, para o alumnado das escolas deportivas que sufra unha lesión durante a clase e como consecuencia de levar a cabo a actividade proposta polo técnico responsable da mesma. En ningún caso a prestación deste servizo suporá recoñecemento de responsabilidade municipal sobre a lesión sufrida; senón que o mesmo debe incardinarse na vontade desta administración de implantar unha practica deportiva segura e de calidade, que teña activado en todo momento un protocolo que garanta unha atención, inmediata e a curto prazo, da persoa lesionada con servizos especializados en medicina deportiva.
- n) O SMD resérvase a facultade de interpretar e valorar as circunstancias concorrentes en cada caso.
- o) Os datos persoais facilitados polos solicitantes serán tratados polo Concello da Coruña con dirección en María Pita, 1 15001 A Coruña, para xestionar as Escolas Deportivas Municipais. A lexitimación para o tratamento dos datos persoais baséase na necesidade que a prestación dos servizos contemplada nas EDM e conleva o tratamento de datos persoais. O Concello conservará os datos durante o tempo que sexa necesario para cumprir coa finalidade para a que se solicitaron e para determinar as posibles responsabilidades que se poidan derivar da finalidade exposta e do tratamento dos datos. Será de aplicación o disposto na normativa de arquivos e documentación.



Non se considerará cesión de datos cando sexa de aplicación a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpóñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, xa que, como se indica na disposición adicional vixésima quinta, o contratista terá a consideración de encargado do tratamento dos datos de carácter persoal cuxo tratamento sexa responsable a entidade contratante

O interesado poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos mediante comunicación por escrito dirixida ao Rexistro Xeral do Concello da Coruña, sito en Praza María Pita, 1. 15001 A Coruña, coa seguinte referencia na súa carta: "LOPD Exercicio de dereitos" (xunto á súa solicitude escrita e asinada, deberá acreditar a súa personalidade achegando fotocopia do DNI) ou ben mediante solicitude na sede electrónica. Dado o carácter confidencial da información, non poderá exercer os seus dereitos telefonicamente, posto que este medio non permite acreditar a identidade como titular dos datos rexistrados.



ANEXO I: MODELO DE FOLLA DE RENOVACIÓN



FORMALIZACIÓN DE RENOVACIÓN
ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS – CURSO 2022-2023

DATOS ALUMNO/A					
APELLIDOS:			NOME:		
D.N.I.:	DATA NACEMENTO:		E-MAIL:		
RÚA:				Nº:	
ANDAR:	LOCALIDADE:		CÓDIGO POSTAL:		
TELÉFONO 1:			TELÉFONO 2:		
DISCAPACIDADE: Tipo			GRAO:	DEPENDENTE:	SI <input type="checkbox"/> NON <input type="checkbox"/>
DATOS DO/A TITOR/A (só en caso de persoa de menor de idade ou dependente)					
APELLIDOS			NOME:		
D.N.I.			DATA NACEMENTO:		
PERSONA E TELÉFONO DE CONTACTO DURANTE A ACTIVIDADE					
Nome e apelidos:			Teléfono móbil:		
ACTIVIDADE DAS ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS NA QUE RENOVA A PRAZA					
ACTIVIDADE:			INSTALACIÓN:		
GRUPO E HORARIO:					

E DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

- Que son certos os datos facilitados.
- Que non padezo ningunha enfermidade que me incapacite para a práctica da devandita actividade deportiva (Nota: O Servizo Municipal de Deportes resérvase a facultade de requirir certificado médico de idoneidade do alumnado, nos casos que considere oportunos).
- Que coñezo e acepto todas e cada unha das condicións da convocatoria publicada na páxina web municipal na data de sinatura do presente documento.
- Que sei nadar 25 metros sen tocar fondo nin suxeitarme a medios auxiliares fixos ou móbiles (para a matrícula nas EDM de Natación de 9-11, 12-17, +18 e +60 intenso).
- Que coñezo o protocolo de prevención fronte á COVID-19 das Escolas Deportivas Municipais e comprométome a cumprilo de acordo coa lexislación vixente en cada momento.

USO DA IMAXE

MENORES DE IDADE: AUTORIZO EXPRESAMENTE á utilización da imaxe (foto e/ou vídeo) do meu fillo/a para a súa publicación na páxina web do Concello da Coruña ou nas redes sociais do propio Concello: SI /NON

MAIORES DE IDADE: AUTORIZO EXPRESAMENTE á utilización da miña imaxe (foto e/ou vídeo) para a súa publicación na páxina web do Concello da Coruña ou nas redes sociais do propio Concello: SI /NON

A Coruña, de 20__

Ado. O/a alumno/a
(No caso de menores de idade deberán asinar ambos proxenitores ou titores)



ANEXO II: MODELO FOLLA AUTORIZACIÓN RECOLLIDA DE MENORES



AUTORIZACIÓN PARA A RECOLLIDA DOS/DAS MENORES AO REMATE DA ACTIVIDADE

NOME E APELIDOS DO PAI, NAI OU TITOR/A
NOME E APELIDOS DO/A MENOR
ACTIVIDADE

AUTORIZO ás persoas relacionadas a continuación para a recollida do meu fillo/a ao rematar as Escolas Deportivas Municipais:

(O solicitante da matrícula xa non é necesario nesta relación, si é importante poñer o outro proxenitor ou si hai algún tipo de cuestión legal por favor indícalo no apartado de outras cuestións)

NOME E APELIDOS	NIF/NIE	Parentesco/relación

No caso de que se autorice a recollida dos/as menores por persoas distintas ao solicitante, deberán aportar no momento de realizar a matrícula unha fotocopia do NIF ou NIE.

AUTORIZO a que o meu fillo/a menor de idade abandone o recinto municipal unha vez finalizada a xornada de EDM so/a baixo a miña responsabilidade: (só para o caso de nenos e nenas a partir de 11 anos): SI / NON

A Coruña, ____ de _____ de 202__



ANEXO III: MODELO DE SOLICITUDE DE CAMBIO DE HORA



FORMULARIO SOLICITUDE DE CAMBIO DE HORARIO NAS EDM

DATOS ALUMNO/A			
APELLIDOS:		NOME:	
D.N.I.:	DATA NACEMENTO:	E-MAIL:	
TELÉFONO 1:		TELÉFONO 2:	

DATOS DO/A TITOR/A (só en caso de menor ou dependente)		
APELLIDOS		NOME:
D.N.I.	DATA NACEMENTO:	

DATOS DA SOLICITUDE DE CAMBIO			
ESCOLA DEPORTIVA			
GRUPO DE ORIXE		GRUPO DE DESTINO	
INSTALACIÓN:		INSTALACIÓN:	
HORARIO:		HORARIO:	

AVALIACIÓN TÉCNICA DAS POSIBILIDADES DO CAMBIO	
AVALIACIÓN DA COORDINACIÓN DAS EDM	
AVALIACIÓN TÉCNICA DO/A PROFESOR/A	
Sinatura da coordinación das EDM	Sinatura do/a profesor/a

A Coruña, de 20__

Ado. O/A alumno/a
(No caso de menores de idade deberán asinar todos/as os pais, nais ou titores)